

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 25 de xaneiro de 2010 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria de bolsas para formación en materia de patrimonio de arte contemporánea galega.

O Decreto 314/1986, do 16 de outubro, regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Lei 8/1995, do 30 de outubro, de promoción e difusión da cultura de Galicia establece a rede de museos galegos, na que esta integrado o Centro Galego de Arte Contemporánea creado polo Decreto 308/1989, do 28 de decembro.

E o Decreto 326/1996, do 26 de xullo, de regulamento do CGAC estipula no seu artigo 2º como un dos seus obxectivos e fins, entre outros, o de contribuír á formación e perfeccionamento do persoal especializado en arte contemporánea, museoloxía e museografía, tanto para atender as propias necesidades como para satisfacer as demandas doutros sectores.

Por outra banda, a Consellería de Cultura e Turismo, en aplicación das súas competencias en materia de museos e patrimonio moble, das facultades de regulamento, protección e difusión dos museos e do patrimonio moble de Galicia, así como as de fomentar a formación do persoal técnico dos museos, colabora na medida das súas posibilidades orzamentarias, para o mellor cumprimento por estes das funcións que lles son propias.

E polo que, se fai necesario de conformidade co artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establecer as bases e proceder a unha convocatoria de bolsas dirixidas a completar a formación de materias en arte contemporánea nas áreas de publicacións, actividades de educación artística, rexistro e restauración.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e dotación económica.*

a) Convócanse pola presente orde en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia, seis (6) bolsas para formación en materia de arte contemporánea nas áreas de publicacións dúas (2), actividades e educación artística dúas (2), documentación e rexistro unha (1), e restauración unha (1).

b) As bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria: 1104432B4800 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2010 cun total de 38.000 euros. O importe de cada bolsa non excederá da cantidade de 6.333,33 euros.

c) Os bolseiros realizarán a súa actividade teórica e practica no Centro Galego de Arte Contemporánea e serán dirixidos polo persoal técnico do CGAC.

d) Os bolseiros e as bolseiras comezarán a súa actividade no exercicio 2010 a partir da data que establece a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo. A concesión da bolsa será ata o día 31 de decembro de 2010.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas bolsas os solicitantes que cumpran os requisitos seguintes:

1. Requisitos dos solicitantes.

-Titulados universitarios con formación académica nalgunha das materias que se relacionan a continuación:

1.1. Solicitantes de bolsas de formación para colaborar no programa 2010 de publicacións do CGAC.

-Ser licenciado universitarios en: filoloxía ou historia da arte.

-Ter formación específica no eido da edición.

-Posuír coñecementos de informática.

1.2. Solicitantes de bolsas de formación para colaborar no programa 2010 de rexistro da colección do CGAC.

-Ser licenciado universitarios en: historia da arte.

-Ter coñecementos en xestión de bases de datos.

-Posuír coñecementos de informática.

1.3. Solicitantes de bolsas de formación sobre actividades educativas en relación coa arte contemporánea para colaborar co programa educativo 2010 do CGAC.

-Ser licenciados universitarios en: ciencias da educación ou historia da arte.

-Ter coñecementos no eido da educación artística.

-Ter coñecementos de idiomas.

-Posuír coñecementos de informática.

1.4. Solicitantes de bolsas de formación sobre restauración e conservación de obras de arte contemporánea para colaborar no programa 2010 de restauración das obras da colección do CGAC.

-Ser titulado pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Obras de Arte ou licenciado en belas artes coa especialidade de restauración.

-Ter coñecementos en restauracións en arte contemporánea.

-Posuír coñecementos de informática.

2. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda.

3. Non incorrer nalgunha das causas de prohibicións para ser beneficiario a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os solicitantes deberán optar só por unha das áreas que se relacionan no anexo I.

Artigo 3º.-*Presentación das solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura como anexo I desta orde e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo e na do CGAC, na oficina do Rexistro Único da Xunta da Galicia, con enderezo nos edificios administrativos de San Caetano, s/n, 15781 de Santiago de Compostela. En horario de luns a venres das 9.00 ás 19.00 horas, e sábados das 9.00 ás 14.00 horas. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes poderán, así mesmo, presentarse de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Documentación que hai que presentar.

-Solicitud: anexo I debidamente cuberta.

-Méritos: fotocopia dos méritos alegados, só contarán aqueles méritos dos que se achegue proba documental.

Declaración responsable de non ter emprego remunerado nin ter outra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, situacións que producen incompatibilidade co desfrute da bolsa que nesta orde se convoca.

-Fotocopia compulsada do expediente académico.

4. A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura poderá solicitar dos seleccionados a presentación do orixinal ou fotocopia compulsada dos méritos alegados, que deberán ser presentados nun prazo non superior a tres días, contados a partir do momento do seu requirimento público.

5. Serán causas de exclusión a demostración de falsidade documental, a non correspondencia cos orixinais ou incorrección na documentación presentada.

Artigo 4º.-*Criterios de valoración.*

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte baremo:

1. Titulación académica:

-Pola posesión dos estudos académicos relacionados con cada bolsa: 3 puntos.

-Por outras titulacións académicas en áreas académicas semellantes consideradas axeitadas para o desenvolvemento da bolsa: 2 puntos.

-Pola realización dalgún máster relacionado coa actividade a que se opta: 1 punto.

2. Por cursos relacionados coa especialidade do campo ao cal opta:

-Por cursos con acreditación expresa de menos de 40 horas: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

-Por cursos con acreditación expresa de 40 ou máis horas: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

-Por cursos con acreditación expresa de 100 ou máis horas: 0,70 puntos, ata un máximo de 2,10 puntos.

3. Congresos, xornadas e seminarios relacionados coa especialidade do campo ao cal opta:

-Asistencia a congresos: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.

4. Publicacións relacionadas coa especialidade do campo ao cal opta, impresas antes do remate do prazo de presentación de solicitudes:

-Por cada artigo publicado: 0,50 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

5. Cursos de galego:

-Perfeccionamento ou CELGA 4: 1 punto.

6. Cursos de inglés ou outros idiomas.

-Titulación oficial segundo as equivalencias do marco común europeo de referencia para as linguas, cun nivel básico 0,25 puntos, nivel intermedio 0,50 puntos e nivel avanzado 1 punto.

7. Cursos de informática.

-Por cursos con acreditación expresa de menos de 40 horas: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

-Por cursos con acreditación expresa de 40 horas ou mais: 0,25 puntos, ata un máximo de 1 punto.

Artigo 5º.-*Tramitación e comisión de avaliación.*

1. A Xerencia do CGAC revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderá reclamar aos solicitantes que emenden os defectos administrativos apreciados na documentación exixida, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, outorgándose un prazo de 10 días hábiles desde a notificación de requirimento.

2. A avaliación das solicitudes efectuarase por unha comisión técnica composta polo/a titular da dirección do CGAC, que a presidirá, actuando como vogais catro técnicos do CGAC. Exercerá a secretaría o/a titular da Xerencia do CGAC. En caso de ausencia dalgún dos membros, correspóndelle ao/a titular da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura nomear un suplente.

3. Coa proposta da comisión de avaliación a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura elaborará unha proposta provisional de concesión das bolsas que será exposta por un período de dez días, contados a partir da data da súa publicación, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura e Turismo, e nos dos seus departamentos territoriais durante os cales poderán facerse alegacións polos interesados. Examinadas as alegacións formularase a proposta de resolución definitiva que será elevada pola Dirección

Xeral de Promoción e Difusión da Cultura ao titular da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 6º.-Resolución e recursos.

1. O titular da Consellería de Cultura e Turismo no prazo de quince días desde que se lle sexa elevada a proposta de resolución definitiva resolverá a concesión das bolsas.

2. O prazo máximo para resolver será de catro meses desde a entrada en vigor da convocatoria. De non se ditar resolución no prazo indicado, as solicitudes entenderanse desestimadas.

3. Non se poderá conceder máis dunha bolsa por solicitante.

4. A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lles conceden as bolsas convocadas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de puntuación, que serán notificados como adxudicatarios de maneira sucesiva cando non se puidese formalizar a aceptación da bolsa ou se produza unha renuncia.

5. Esa resolución, así como os actos que se deban notificar de forma conxunta a todos os interesados e, en particular, os requirimentos de subsanación e de trámite de audiencia, publicaranse no taboleiro de anuncios da Consellería de Cultura e Turismo e nos das súas delegacións provinciais, e nos outros medios de comunicación que se sinalen, de ser o caso, substituíndo esta publicación á notificación persoal e producindo os mesmos efectos.

6. A resolución de adxudicación pon fin á vía administrativa de acordo co artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta aos interesados ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

Artigo 7º.-Publicidade.

1. A resolución farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura e Turismo e nos das súas delegacións provinciais, no prazo máximo de dez días desde que foi ditada, para efectos de notificación aos interesados.

Así mesmo, e para efectos meramente informativos, esta resolución publicarase tamén na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo e na do CGAC.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura e Turismo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das bolsas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Tamén se incluírán nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, segundo establece o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, segundo a autorización do solicitante que figure na convocatoria correspondente.

Artigo 8º.-Aceptación das bolsas.

1. Dentro dos dez días naturais seguintes á notificación de resolución da concesión nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura e Deporte e nos dos seus departamentos territoriais, os beneficiarios das bolsas deberán comunicar á Dirección do Centro Galego de Arte Contemporánea a súa aceptación. De non facelo no prazo indicado entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5º da Lei de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, de non presentarse no centro de destino no tempo estipulado, o nomeamento quedará sen efecto e será motivo de exclusión na seguinte convocatoria. A Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura procederá ao chamamento de suplentes para cubrir estas prazas.

3. A aceptación da bolsa supón o compromiso implícito de manter a confidencialidade da información obtida no desenvolvemento das actividades obxecto destas bolsas, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 9º.-Pagamento das bolsas e xustificación.

1. O pagamento das bolsas axustarase á normativa orzamentaria de aplicación e poderá ter unha periodicidade mensual, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e unha vez que o beneficiario teña presentada a documentación requirida para o efecto.

2. Aos adxudicatarios das bolsas poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da dita bolsa.

3. Así mesmo, os beneficiarios das bolsas están obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 10º.-Obrigas dos bolseiros.

Os bolseiros seleccionados quedarán obrigados a:

1. Incorporarse ao destino adxudicado dentro do prazo que estipule a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura. A non incorporación na data sinalada implicará a perda automática dos dereitos inherentes á bolsa concedida.

Non obstante, a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura poderá autorizar un aprazamento de ata un máximo de 15 días naturais na incorporación á bolsa, que se concederá, tras a petición expresa do interesado/a e por causas debidamente xustificadas e acreditadas.

2. Asistir aos centros onde resulten destinados de acordo coas directrices que fixen os responsables da execución do programa de formación. O horario será o establecido pola xerencia do CGAC.

3. Seguir as indicacións técnicas das persoas que os coordinen.

4. Entregar mensualmente informe da actividade realizada e ao finalizar a bolsa, memoria explicativa de todas as actividades desenvolvidas durante o tempo de desfrute da bolsa.

5. Presentar antes do primeiro pagamento unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentas de resolución para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 11º.-Desenvolvemento das bolsas.

1. O director do CGAC poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado, nos seguintes casos:

a) Por un prazo de quince días naturais, por petición do interesado, logo do informe favorable do coordinador da bolsa.

b) Por motivos de enfermidade, accidente, maternidade -ata unha duración máxima de dezaseis semanas, agás que se trate de parto múltiple- ou paternidade. En todo caso, este tempo de interrupción non poderá exceder do 20% do tempo total de duración da bolsa.

2. O pagamento da dotación económica da bolsa proporcional á duración do período de interrupción procederá só se é recuperado e sempre que as posibilidades orzamentarias o permitan.

3. Por petición dos interesados, ao remate da bolsa a Dirección do CGAC, tras o informe favorable dos coordinadores e entrega dos informes e memorias da actividade realizada, expedirá certificación acreditativa desta.

4. As bolsas non implicarán relación funcional nin laboral coa Consellería de Cultura e Deporte, nin compromiso que se estenda máis alá do seu ámbito de duración.

5. Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, os bolseiros deberán contar coa autorización expresa e previa da Consellería de Cultura e Turismo e do CGAC.

6. Unha vez rematado o período de desfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano, procederase á eliminación da documentación non recollida.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

1. De acordo co artigo 14 m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración

das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 13º.-Renuncias, revogación e reintegros de cantidades.

1. A renuncia á bolsa por parte do beneficiario, unha vez iniciado o desfrute desta, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito á Dirección do CGAC polo menos con sete días de antelación á data na que solicite sexa aceptada a súa renuncia. Esta dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada.

2. O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa aos bolseiros poderá propoñerlle á Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura a revogación da bolsa por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas.

3. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A renuncia durante o período de desfrute da bolsa inhabilitará ao seu adxudicatario/a para efectos de presentación na seguinte convocatoria, agás nos casos de forza maior, que serán valorados pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

Artigo 14º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas bolsas establecidas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 15º.-Réxime xurídico.

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases, aplicarase a Lei 6/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Ricardo Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
 CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

ANEXO

PROCEDEMENTO BOLSAS PARA FORMACION EN MATERIA DE PATRIMONIO DE ARTE CONTEMPORÁNEA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CT117A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
TÍTULO ACADÉMICO		

De acordo coa Orde do DOG nº _____, do _____ pola que se convocan bolsas para actividades, publicacións, rexistro e restauración en materia de patrimonio en arte contemporánea

SOLICITA:

Que lle sexa admitida a súa solicitude para a concesión dunha das bolsas convocadas no campo de (sinala só unha opción):

- ACTIVIDADES
 PUBLICACIÓNS
 REXISTRO
 RESTAURACIÓN

DECLARA:

-Comprométese a non desenvolver emprego remunerado nin desfrutar doutra bolsa ou axuda que fose incompatible co desfrute da bolsa convocada.

-Todos os datos e documentos que presenta son certos.

-Acepta todos os requisitos e compromisos especificados na orde de referencia.

-Presta expresamente o su consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para a comprobación dos datos da súa identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administraciones Públicas, procedemento regulado no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, da Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza.

-Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no DOG, no seu páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, coa expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

-En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informásele que dos datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento, se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, ao enderezo que figura no pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 314/1986, do 16 de outubro, e Lei 8/1995, do 30 de outubro. Orde do 25 de xaneiro de 2010 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria de bolsas para formación en materia de patrimonio de arte contemporánea galega.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de _____ Conselleiro de Cultura e Turismo		